

Estimada familia,

O Departamento de Portugués organiza o programa de intercambio “A lingua que nos une” para alumnado de Lingua Portuguesa de 1º de Bacharelato. Tras a visita do Agrupamento de Escolas Nº1 de Gondomar de Porto ao noso centro o pasado 24 de marzo, agora viaxaremos nós ao Porto.

Non realizaremos a viaxe con ningunha axencia de viaxes. Acompañarán ao alumnado dúas profesoras do IES Rego de Trabe.

DATOS XERAIS DA VIAXE:

- Lugar: Porto e Gondomar (Portugal).
- Aloxamento: 3 noites na Pousada da Xuventude de Porto.
- Datas: **días 14, 15, 16 e 17 de maio de 2022**
- Saída: sábado 14 de maio ás 7:30* na Estación de Autobuses de A Coruña.
- Chegada: martes 3 de xuño ás 16:30* na Estación de Autobuses de A Coruña.
* O horario definitivo confirmáremolo ao comprar os billetes de autobús.
- Prezo Viaxe: **200 euros.**

O PREZO DA VIAXE INCLÚE:

- ✓ *Autobús de ida e volta a Porto e Gondomar dende a estación de autobuses de A Coruña, coa empresa Flixbus.*
- ✓ *Aloxamento e almorzo tres noites na Pousada da Xuventude de Porto.*
- ✓ *Visita guiada á Casa da Música.*
- ✓ *Visita guiada polo centro da cidade.*
- ✓ *Asistencia a concerto ou teatro.*
- ✓ *Seguro de viaxe.*

O PREZO DA VIAXE NON INCLÚE: *as comidas e ceas.*

OPCIONAL: *paseo barco polo Douro, visita torre dos clérigos e/ou librería Lello.*

MODOS DE PAGAMENTO:

- ✓ **2 PRAZOS:**

1º Prazo: 50 euros ata o 29 de abril de 2022 en concepto de fianza non reembolsable, a entregar a Antía Cortizas (Xefa do Departamento de Portugués).

2º Prazo: 150 euros ata o 5 de maio 2022 (a ingresar na CC do IES Rego de Trabe e entregar xustificante do pago no departamento de Portugués):

Concepto: PORTO + Nome, apelidos *alumn@* e curso

Nº CC IES Rego de Trabe: ES42 0049 2970 8122 1401 9011

Ademais é preciso que fagan **chegar antes do 5 de maio de 2022 ao centro a seguinte documentación** necesaria para realizar a viaxe:

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

1. **DNI ou PASAPORTE** en vigor (entregar fotocopia).
 2. **TARXETA SANITARIA ESPAÑOLA** (entregar fotocopia).
 3. **TARXETA SANITARIA EUROPEA** (entregar fotocopia).
 4. **PERMISO MENOR ACOMPAÑADO NO EXTRANXEIRO**: Nas dependencias da Garda civil ou Policía Nacional. A profesora de Portugués facilitará os datos.
 5. **AUTORIZACIÓN DA FAMILIA** de participación na actividade.
 6. **CERTIFICADO TEST de ANTÍXENOS COVID NEGATIVO**: entregárase no centro o venres día 13 de maio de 2022 un certificado negativo dun test de antíxenos realizado o día 12 de maio de 2022 ou o día 13 pola mañá se non se dispón de certificado COVID. Debe realizarse nunha farmacia, onde expiden tal certificado.
 7. **DATOS DE SAÚDE** (facilitarase o cuestionario a semana que vén).
 8. **REQUISITOS COVID ENTRADA EN PORTUGAL A DÍA DE HOXE**: deben presentar un test negativo PCR (72 horas) ou antíxenos (24 horas) ou un certificado dixital de COVID da Unión Europea ou un certificado de vacunación ou un certificado de recuperación.
- O mércores **día 4 de maio de 2022 ás 14:10** teremos unha reunión informativa na Biblioteca do Edificio de Mariñas.
 - **Na web do centro, no apartado de AAEECC – Porto dispoñen de información.**
 - **Para información adicional contactar con antiacl@edu.xunta.gal**

Un cordial saúdo,

Departamento de Portugués e Vicedirección do IES Rego de Trabe

En Culleredo, a 28 de abril de 2022